



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social

Resolución pola que se inscribe e se ordena a publicación do acordo referido ao calendario laboral para o ano 2024, no marco do convenio colectivo provincial de industrias de rematantes e serradoiros de madeira da Coruña

O 12/12/2023 tivo entrada no REGCON a solicitude de tramitación do calendario laboral do ano 2024, no marco do convenio colectivo provincial de industrias de rematantes e serradoiros de madeira da Coruña (código de convenio 15001235011982 e localizador CL_TO75SM13).

A tramitación deste procedemento regúlase no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2012), así como na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm 222, do 18 de novembro).

O titular desta xefatura territorial é competente para resolver a inscrición e publicación do calendario laboral de referencia, ao abeiro do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 130, de 8 de xullo de 2022).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Inscibir o calendario laboral para o ano 2024, no marco do convenio colectivo provincial de industrias de rematantes e serradoiros de madeira da Coruña, no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Ordenar a remisión do referido calendario laboral ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para a súa publicación.

A Coruña, 20 de decembro de 2023

O xefe territorial

Pedro Pablo Lorenzo Díaz

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE INDUSTRIAS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DA PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DE APROBACIÓN DO

CALENDARIO LABORAL 2024

ASISTENTES:

Parte empresarial:**ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DE A CORUÑA**

- D. Celestino Lata Pampín (DNI: 44.812.578-E)
- D. José-Manuel Cajaraville Varela (DNI: 33.288.139-D)

Parte sindical :**C.I.G.**

- D. Eduardo Sebio Molguero (DNI: 44.808.690-K)

U.G.T.

- D. Santiago González Andión (DNI 76.871.650-S)

CC.OO.

- D. Óscar Cereijo Limeres (DNI: 35.448.824-M)

Letrado-Asesor: - D. Carlos Puga Trigás

En Santiago de Compostela, sendo as dezaseis trinta horas do día once de decembro de dous mil vinte e tres, reúnen os membros da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial de Industrias de Rematantes e Serradoiros de Madeira da provincia de A Coruña.

Aberta a sesión, acórdase estudar e aprobar o Calendario Laboral para o ano 2024. Unha vez que con carácter previo á presente reunión ambas partes comunicáronse as súas respectivas propostas, acádase, por unanimidade, o acordo que se reproduce a continuación.

Apróbase o Calendario Laboral para o ano 2024, que comprenderá un total de **MIL SETECENTAS CINCUENTA E DÚAS (1.752)** horas efectivas de traballo.

Para dar cumprimento ao límite das 1.752 horas efectivas de traballo é preciso fixar no calendario para o ano 2024 un total de **NOVE DÍAS FESTIVOS DE CONVENIO**, días que serán os seguintes:

- **12 de febreiro**
- **13 de febreiro**
- **26 de xullo**
- **16 de agosto**
- **5 de decembro**
- **23 de decembro**
- **24 de decembro**
- **30 de decembro**
- **31 de decembro**

O calendario para o ano 2024 figura detallado no cadro anexo á presente acta.

Se en algún concello foxen sinaladas como festividade locais días que teñan o carácter de Festivo-Convenio ou sábado, establécese a súa substitución como día festivo polo día laborable inmediatamente anterior ou, no seu caso, posterior.

Establécese de forma expresa que o Calendario Laboral aprobado será de aplicación nas empresas que non teñan aprobado calendario propio. En todo caso, o devandito calendario ten o carácter de orientador para as empresas, de tal xeito que o mesmo poderá ser modificado tendo en conta as demandas específicas de produción existentes en cada momento. Non obstante, de ser este o caso, o día ou días traballados que se correspondan con días festivos de convenio haberán de ser substituídos por outro día ou días equivalentes en cómputo horario. Con carácter xeral a empresa fará pública a modificación proxectada polo menos con cinco días de antelación á data de aplicación do cambio previsto, sen prexuízo de que tal período de preaviso sexa menor, sempre e cando medie acordo entre empresa e traballadores.

Ambas partes deciden que este acordo entrará en vigor na data da súa firma con efectos a partir do día **1 de xaneiro do 2024**, todo elo con independencia da data da súa publicación oficial.

Acórdase facultar e autorizar expresamente ao Letrado-Asesor Don Carlos Puga Trigás quen, presente, acepta a designación, para que proceda a completar tódolos trámites necesarios aos efectos de que polos órganos administrativos competentes se ordene a inscrición e o depósito do citado acordo no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

E sen mais asuntos dos que tratar, levántase a sesión, asinando en conformidade a totalidade dos asistentes.

Celestino Lata Pampín

Asociación Provincial

D NI 44.812.578-E

José-Manuel Cajaraville Varela

Asociación Provincial

DNI 33.288.139-D

Eduardo Sebio Molguero

C.I.G.

DNI 44.808.690-K

Santiago González Andión

U.G.T.

DNI 76.871.650-S

Óscar Cereijo Limeres

C.C.O.O.

DNI 35.448.824-M

Carlos Puga Trigás

Letrado Asesor

DNI 35.421.798-G

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE INDUSTRIAS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DA
PROVINCIA DE A CORUÑA

CALENDARIO LABORAL 2024

Xaneiro 22 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Febreiro 19 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			

Marzo 19 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Abril 22 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

Maio 21 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Xuño 20 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

Xullo 21 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Agosto 20 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Setembro 21 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29

Outubro 23 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Novembro 20 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Decembro 15 días Laborais						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sá	Do
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

366 días	2.928 HORAS
(*)-52 domingos	416 HORAS
(*)-50 sábados	400 HORAS
(*)-12 festivos nacionais/autonómicos	96 HORAS
(*)-2 festivos locais	16 HORAS
(*)-22 días vacacións	176 HORAS
(*)-9 días festivos Convenio	72 HORAS
XORNADA LABORAL CONVENIO 2024	1.752 HORAS